



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS PARA O 15.12.2025

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño, e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL,

RESOLVO:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a sesión da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Concello de Miño que terá lugar o día 15 de decembro de 2025 ás 14:15 horas no salón de plenos da casa do concello; e fixar a seguinte orde do día:

1. Agrupación do Concello de Miño, o Concello de Pontedeume e o Concello de Cabanas para tramitar conxuntamente a execución dun obradoiro de emprego e solicitude conxunta dunha axuda para o seu financiamento ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
2. Participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025" da Deputación Provincial da Coruña

A documentación está posta á disposición dos membros da Comisión Informativa de Asuntos Xerais a través do Portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira